

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013448	Manuel Antonio	Vigo	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SEA	Seguridade e medio ambiente	CSSEA04	Química e saúde ambiental	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP1554	Unidade de saúde ambiental	2023/2024	4	87	87

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA LOURDES QUEIMADELOS DÍAZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A competencia peral deste título consiste en vivir e controlar os efectos sobre a saúde dos factores de risco ambiental e alimentario, participar na posta en marcha e o desenvolvemento de sistemas de xestión ambiental e intervir ne programas de educación para a saúde pública e comunitaria baixo a supervisión, no seu caso, do superior responsable, dacordo cós protocolos establecidos, respetando a norma de referencia en condicións de calidade e seguridade.

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desempeñar as funcións da xestión de documentación dunha unidade de saúde ambiental, a xestión de recursos materias, o mantemento dos equipamentos e o tratamento da información de bases de datos e documentos dunha unidade.

A función de xestión de documentación inclúe aspectos como:

- Manexo da documentación sanitaria e medio ambiental.
- Cumplimentación de documentos.
- Arquivo e custodia documental.
- Utilización de aplicacións informáticas para a xestión da documentación.

A función de xestión de recursos materias inclúe aspectos como:

- Inventario e control de existencias.
- Utilización de aplicacións informáticas para a xestión de existencias e inventarios.

A función de mantemento dos equipamentos inclúe aspectos como:

- Verificación e calibración de equipamentos.
- Aplicación de protocolos para garantir o funcionamento dos equipamentos.
- Sustitución de pesas e pequenas reparacións.

A función de tratamento da información das bases de datos e documentos da unidade inclúe aspectos como:

- Actualización das bases de datos da unidade.
- Rexistro de resultados.
- Aplicación de procedimentos e códigos establecidos sobre os datos xerados.
- Obtención de datos estatísticos.
- Emisión de informes sobre actividades realizadas.

As actividades asociadas a estas funcións se aplican en:

- Áreas de saúde pública do sector sanitario.
- Administracións con competencias en caracterización, control, vigilancia e xestión de recursos medioambientais.

- Empresas privadas que gestionan para a administración as actividades mencionadas.
- Laboratorios de saúde pública.
- Laboratorios de investigación e control epidemiolóxico.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	O sistema sanitario	Descríbense os sistemas sanitarios, tipos, sistemas sanitarios en España e a lei de saúde de Galicia. Identifícanse as funcións, áreas e organización dos técnicos de saúde ambiental e o Servizo de Saúde Pública. Indícanse os indicadores de saúde pública. Valórase a importancia da economía sanitaria.	20	20
2	A xestión da documentación sanitaria e medioambiental	Analízase a documentación de uso corrente a nivel sanitario e a nivel medioambiental..	18	20
3	A xestión dos recursos materiais	Expóñense as técnicas de almacenamento, distribución e control de existencias dos medios materiais, precisando as que permitan o correcto funcionamento do almacén.	17	20
4	A preparación, posta en marcha e reparación dos equipamentos	Descríbense os equipamentos, a súa posta en marcha e calibración. Descríbense os riscos laborais e precaucións asociadas ao manexo de equipamentos.	16	20
5	Os informes	Valórase a importancia das ferramentas estatísticas para elaborar os informes da actividade desenvolvida na unidade de saúde ambiental.	16	20

4. Por cada unidade didáctica
4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	O sistema sanitario	20

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Identifica obxectivos e funcións da unidade de saúde ambiental, relacionando a prestación de servizos coa estrutura organizativa do sector sanitario	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Definíronse os trazos fundamentais do sistema sanitario español, salientando as particularidades dos sectores público e privado
CA1.2 Relacionáronse as competencias de ámbito sanitario galego coas das administracións públicas do Estado e da Unión Europea
CA1.3 Especificáronse as competencias de saúde ambiental de cada Administración
CA1.4 Describiuse a estrutura organizativa e funcional dos centros, das unidades e dos servizos de saúde ambiental
CA1.5 Identificáronse os servizos de sanidade ambiental
CA1.6 Describiuse o proceso de prestación do servizo nunha unidade de saúde ambiental
CA1.7 Explicáronse as funcións e as competencias do técnico Superior en Química e Saúde Ambiental
CA1.8 Analizouse a normativa de saúde ambiental e ambiente

4.1.e) Contidos

Contidos
Sanidade no ámbito da Unión Europea.
Sistema sanitario español. Sectores público e privado da sanidade. Servizo Galego de Saúde (SERGAS).
Competencias en saúde ambiental.
Fluxos de información entre institucións sanitarias.
Organización de centros, unidades e servizos de saúde ambiental. Función e competencias do técnico superior en Química e Saúde Ambiental.
Servizos de sanidade ambiental.
Prestación do servizo en saúde ambiental e ambiente.
Normativa comunitaria, estatal, autonómica e municipal en materia de saúde ambiental.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	A xestión da documentación sanitaria e medioambiental	18

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Xestiona a documentación técnica da unidade, utilizando programas de xestión documental e sistemas de rexistro e arquivamento	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Clasifícanse documentos en función das actividades da unidade
CA2.2 Identifícanse as características dos documentos utilizados na unidade
CA2.3 Establecéronse os fluxos de tramitación de documentos na unidade
CA2.4 Cubríronse documentos seguindo os protocolos establecidos
CA2.5 Aplicáronse os sistemas de codificación e rexistro da documentación segundo a súa finalidade, seguindo os protocolos da unidade
CA2.6 Arquiváronse e cuestionáronse documentos seguindo as normas establecidas
CA2.7 Xestionouse a documentación respectando a confidencialidade dos datos e o segredo profesional
CA2.8 Utilizáronse programas informáticos de xestión de documentos na unidade

4.2.e) Contidos

Contidos
Documentos e rexistros da unidade de saúde ambiental.

Contidos
0Programas informáticos de xestión documental. Características e tipos de documentación segundo a actividade. Tramitación de documentos. Criterios e condicións de formalización. Documentación científico-técnica. Recepción, rexistro e distribución. Sistemas de intercambio de información a nivel estatal e a nivel europeo. Arquivamento e custodia de documentos. Normas de certificación e acreditación (ISO, UNE e EN). Lexislación de protección de datos. Segredo profesional.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	A xestión dos recursos materiais	17

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Xestiona os recursos materiais de unidades de saúde ambiental, aplicando técnicas de loxística	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Identifícanse os recursos materiais necesarios segundo as características da unidade de saúde ambiental
CA3.2 Confeccionáronse pedidos de materiais e outros elementos tendo en conta protocolos establecidos
CA3.3 Recibiuse o pedido e comprobáronse as condicións dos produtos

Criterios de avaliación
CA3.4 Seleccionáronse métodos e condicións de almacenamento e conservación dos produtos e dos materiais
CA3.5 Aplicáronse criterios de orde na xestión dos recursos materiais das unidades de saúde ambiental
CA3.6 Establecéronse criterios para o control de existencias
CA3.7 Realizouse o control de existencias
CA3.8 Realizouse o inventario de materiais
CA3.9 Utilizáronse programas informáticos de xestión e control de almacén
CA3.10 Seguíronse as normas de seguridade e hixiene na xestión dos recursos materiais das unidades de saúde ambiental

4.3.e) Contidos

Contidos
Recursos materiais inventariables e funxibles. Pedidos e recepción de materiais. Sistemas e técnicas de almacenaxe. Control de existencias. Documentos de control de existencias. Fichas de almacén. Inventarios. Aplicacións informáticas de xestión e control de almacén. Normativa de seguridade e hixiene. Seguridade e hixiene en almacéns das unidades de saúde ambiental.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	A preparación, posta en marcha e reparación dos equipamentos	16

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Realiza a preparación e a posta en marcha de equipamentos da unidade de saúde ambiental, e programa as súas actividades de funcionamento e de mantemento	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Identificáronse as características técnicas, as funcións e as condicións de uso dos equipamentos da unidade de saúde ambiental
CA4.2 Interpretáronse instrucións e fichas de seguridade de equipamentos para manter as condicións de uso
CA4.3 Verificáronse e calibráronse os equipamentos da unidade de saúde ambiental segundo os procedementos establecidos
CA4.4 Programáronse e realizáronse actividades de limpeza, desinfección e esterilización seguindo os protocolos establecidos
CA4.5 Elaborouse un plan de revisións de equipamentos da unidade de saúde ambiental
CA4.6 Realizáronse actividades de mantemento e reparación básica de equipamentos da unidade de saúde ambiental seguindo os procedementos normalizados de traballo
CA4.7 Cubríronse os documentos do sistema de calidade referentes ao mantemento e á calibración dos equipamentos
CA4.8 Identificáronse as normas de prevención de riscos laborais asociadas ao manexo do equipamento da unidade de saúde ambiental

4.4.e) Contidos

Contidos
Equipamento dunha unidade de saúde ambiental.
Verificación e calibración de equipamentos da unidade de saúde ambiental.
Control da limpeza, desinfección e esterilización.
Mantemento e reparación básica de equipamentos. Plan de revisións de equipamentos.
Documentación referente ao mantemento e á calibración de equipamentos.

Contidos
Riscos laborais e precaucións asociados ao manexo de equipamento da unidade de saúde ambiental.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Os informes	16

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Elabora informes e resumos de actividade da unidade de saúde ambiental, utilizando métodos de tratamento de datos e aplicacións informáticas	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Mantivéronse operativas e actualizadas as bases de datos relacionadas coas actividades da unidade de saúde ambiental
CA5.2 Definíronse formatos de presentación da información tendo en conta o tipo e a finalidade da información, e as características do programa informático utilizado
CA5.3 Seguironse os procedementos e os códigos establecidos no rexistro de actividades
CA5.4 Identificáronse métodos de avaliación de datos obtidos
CA5.5 Aplicáronse procedementos de tabulación de datos
CA5.6 Realizáronse o cálculo e a análise estatística de datos
CA5.7 Elaboráronse informes e resumos cos resultados obtidos, comparando co que marca a normativa
CA5.8 Comparáronse os resultados obtidos cos doutras actividades

Criterios de avaliación

CA5.9 Respectáronse os protocolos e as normas de traballo establecidos

CA5.10 Utilizouse a terminoloxía técnico-científica na documentación elaborada

CA5.11 Elaboráronse informes e resumos de actividade respectando a confidencialidade dos datos

4.5.e) Contidos
Contidos

Bases de datos. Avaliación da calidade das bases de datos: elección da mostra.

Presentación da información. Formatos de presentación.

Rexistro de actividades.

Procedementos de tabulación de datos.

Estatística aplicada. Mostras, poboacións e tipos de variables. Estatística descritiva univariante. Estatística descritiva bivariante.

Programas informáticos estatísticos.

Terminoloxía técnico-científica na elaboración de informes.

Confidencialidade dos datos na elaboración de informes e resumos de actividade.

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

A avaliación será continua durante todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe. Serán mínimos exixibles todos os criterios de avaliación indicados como tales para cada Unidade Didáctica da presente programación. Para superar o módulo teranse en conta os seguintes criterios:

CUALIFICACIÓNS PARCIAIS:

Por cada Unidade Didáctica realizarase unha proba escrita e/ou outras probas específicas que abranguen os contidos das unidades.

As cualificacións trimestrais do módulo obteranse do seguinte xeito:

1.1. Probas escritas teóricas de exame = 70 % = probas teóricas sobre os contidos teórico e/ou prácticos das unidades didácticas. A avaliación deste apartado farase a partir de cuestións de diferentes índole: de elección (test), de resposta curta, de desenvolvemento, imaxes, e/ou relacionar de cuestións relacionadas cos contidos do módulo.

1.2. Actividades de aprendizaxe = 30 % = realización de tarefas e/ou traballos, sobre os contidos teórico e teórico - prácticos do currículo. Serán as que a docente sinala como avaliábeis neste apartado (solo serán valorados no caso de que se fagan). De non entregarse no prazo marcado pola profesora, quedará reflectido na puntuación otorgada. Se utilizarán escalas de valoración na súa corrección (das que se informará ao alumnado). No caso de tarefas e/ou traballos de realización grupal, ademais do anterior, tamén se terá en conta a capacidade do traballo grupal.

Todas as tarefas e/ou traballos sinalados no apartado 1.2, serán de CARÁCTER OBLIGATORIO E ELIMINATORIO, de xeito que aquelas persoas que non as entreguen, terán unha nota de 0 puntos sobre 10, e non poderán superar esta parte e polo tanto esa avaliación do módulo. Deberá obterse unha nota mínima dun 5 sobre 10 para a superación desta parte.

NOTA DAS AVALIACIÓNS:

Para superar cada AVALIACIÓN deberase acadarse un mínimo de 5 puntos sobre 10 en cada un dos apartados mencionados (1.1 e 1.2), sendo cada un deles de carácter excluínte, de xeito que so se fará media coa nota obtida en cada un dos apartados, se esta é de 5 sobre 10 ou superior. Notas inferiores a 5 non farán media coas restantes partes e dita avaliación estará suspensa.

A nota, será calculada coa nota media obtida en cada un dos apartados mencionados (sen ter en conta os decimais), tendo en conta que a nota que figurará no boletín oficial será o número enteiro sen decimais.

En caso de que algunha UD non fose superada, a nota que aparecerá nesa avaliación será de 4 ou a media resultante se esta fose inferior.

Existe a posibilidade de realizar un exame de recuperación para os contidos non superados durante a 1ª avaliación. No caso de que a parte suspensa nunha avaliación determinada sexa un dos apartados (1.1 ou 1.2), non sería necesario repetir o outro apartado superado. A proba teórica ou a presentación das actividades de aprendizaxe e/ou traballos non superados faráse durante o primeiro mes seguinte a entrega dos boletíns de notas desa 1ª avaliación e corríxirase según o reflectido nos apartados 1.1 e 1.2.

As datas de exame serán establecidas pola profesora do módulo, e so se farán exames extraordinarios fora de ditas datas por motivo xustificando segundo normativa, e con xustificante por escrito do mesmo.

A nota da 1ª avaliación será a media das notas das UUDs avaliadas totalmente. En caso de que algunha UD non fose superada, a nota que aparecerá nesa avaliación será de 4 ou a media resultante se esta fose inferior.

A nota da 2ª avaliación será a nota proporcional asignada a cada UD (tendo en conta ata os decimais). En caso de que algunha UD non fose superada, a nota que aparecerá nesta avaliación será de 4 ou a media resultante se esta fose inferior.

CUALIFICACIÓN FINAL:

Para superar o módulo será necesario ter superadas todas as unidades didácticas na avaliación ordinaria, ou nunha proba final.

A nota final do módulo obterase a partir das cualificacións numéricas obtidas en cada unha das unidades didácticas e aplicando á ponderación descrita na relación de unidades didácticas.

ALUMNADO QUE REPITE CURSO:

Este alumnado deberá cursar o módulo nas mesmas condicións que o alumnado que o cursa por primeira vez.

Para superar o módulo será necesario superar cada proba (mediante probas parciais ou probas finais). O alumnado será cualificado atendendo aos criterios e instrumentos anteriormente sinalados cunha nota numérica de 1 a 10, sen decimais. Considerarase aprobada ou superada a materia se obtén unha cualificación de 5 ou superior en cada avaliación.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

ALUMNADO QUE NON SUPERA A PRIMEIRA AVALIACIÓN:

Existe a posibilidade de realizar un exame de recuperación para os contidos non superados durante a 1ª avaliación. A proba teórica ou a presentación das actividades e/ou traballos non superados farase durante o primeiro mes seguinte a entrega dos boletíns de notas desa 1ª avaliación e corríranse según o reflectido nos apartados 1.1 e 1.2.

ALUMNADO CON UNHA OU MAIS AVALIACIÓNS SUSPENSAS

Segundo o artigo 29 da Orde do 12 de xullo do 2011 de desenvolvemento, avaliación e acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial (DOGA 15 xullo 2011), para o alumnado de 2º curso do réxime ordinario que teña módulos pendentes, a 3ª avaliación se destinará á realización de actividades de recuperación dos módulos pendentes, deseñadas en base ao informe individualizado de avaliación elaborado polo equipo docente logo de realizada a 2ª avaliación parcial de módulos.

No caso de non ter superado todas as avaliacións parciais, o alumno ou a alumna deberá realizar unha serie de actividades de recuperación e de probas específicas no período establecido polo centro para tal fin, sempre antes da avaliación final de módulos correspondente. Estas actividades planificaranse tendo en conta o Informe individualizado (IA) do alumno ou alumna que se lle entregará ao comezo deste período, e que describirá mais pormenorizadamente o plan de actividades de recuperación.

As actividades de recuperación para o alumnado serán:

- Asistencia ás clases onde se repasarán os contidos das unidades didácticas.
- Realización de esquemas dos contidos das distintas unidades didácticas.
- Repetición e repaso de distintas actividades específicas das UDD_is.
- Resolución de dúbidas.
- Probas escritas/orais.

No caso de que a parte suspensa nunha UD determinada sexa a proba escrita, pero as actividades obrigatorias relacionadas con esa UD estiveran superadas cunha nota superior a 5 no transcurso do curso ordinario, non sería necesaria a repetición de ditas actividades. No caso de que a parte suspensa nunha UD determinada sexan as actividades de aprendizaxe, non sería necesaria a repetición das probas escritas correspondentes a esas UDD.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado que perdera o dereito á avaliación continua por ter superado o 10% das faltas de asistencia de xeito non xustificadas (9 horas) ou a maiores un 5% por motivos laborais (debidamente xustificadas), poderá presentarse a unha proba extraordinaria de avaliación, previa á realización da sesión para a avaliación final de módulos que consistirá en:

- Unha proba teórica baseada na maior parte das actividades realizadas ao longo do curso.
- Unha proba práctica baseada na maior parte das actividades de aprendizaxe realizadas ao longo do curso.

Para cualificar a este alumnado aplicaranse as seguintes instrumentos de avaliación e criterios de cualificación:

- Proba teórica de exame: tipo test e/ou de relacionar e/ou de resposta curta e/ou larga e/ou de verdadeiro/falso e/ou imaxes: 80 %
- Proba práctica de tipo teórico baseada nas actividades de aprendizaxe realizadas ao longo do curso: 20 %

Para superar o módulo será necesario acadar tódolos mínimos das unidades didácticas, obtendo como mínimo un 5 en cada unha das probas: práctica e escrita. No caso de que non se programe unha das probas, a outra terá un valor do 100%.

Permitirase a realización de determinadas actividades aos alumnos/as que perdesen o dereito á avaliación continua, sempre que non impliquen algún tipo de risco para si mesmos, para o resto do grupo ou para as instalacións do centro.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Os principais indicadores do grao do cumprimento da programación serán:

- O grao de cumprimento da temporalización
- O logro dos obxectivos programados
- Os resultados académicos acadados

Para a avaliación da práctica docente recabarase información a través de cuestionarios periódicos ou peticións de opinións aos alumnos nos que se solicitará valoración sobre a metodoloxía e aspectos relativos á docencia, a forma de traballo na aula, técnicas de avaliación, así como cuestións que indiquen se se acadaron os obxectivos das distintas unidades didácticas.

O seguimento e/ou modificación da programación realizarase nesta plataforma según os criterios establecidos na mesma, deixando reflexado a porcentaxe de consecución dos obxectivos e cumprimento da programación así como os cambios introducidos na mesma, os seus motivos e as novas necesidades, según os prazos establecidos.

Ó final de curso cada docente realizará a Memoria final do módulo segundo o modelo establecido (MD.85.PRO.04) na que se incluírán todas as propostas de mellora feitas durante o curso e que servirán como base para a elaboración das programacións do vindeiro curso.

Ademais realizarase a avaliación final desta programación didáctica, na que se anotarán todas as incidencias acaecidas ao longo do mesmo. Esta avaliación será realizada en principio polo profesorado, que anotará as súas observacións nun impreso que recolla todos os apartados da mesma.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Realizarase unha avaliación inicial para detectar os coñecementos previos do alumnado en relación ao módulo.

Observarase ó alumnado nas primeiras semanas do curso e emitirase un informe para o titor/a.

O titor/a recabará os informes individualizados do alumnado repetidor, información de estudos académicos, ditames específicos do alumnado con calquer tipo de discapacidade, con necesidades educativas especiais e experiencia laboral previa.

Segundo o artigo 28 da Orde do 12 de Xullo de 2011, o/a titor/a levantará acta dos acordos da sesión de avaliación inicial do equipo docente, e remitirá copia á xefatura de estudos.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Para os alumnos que presenten carencias importantes na formación básica ou formación profesional de base que impida conseguir un aproveitamento aceptable nas sesións de ensinanza-aprendizaxe facilitaranse conceptos de apoio e soporte. Asemade reforzase a realización de traballos que comprendan o máis esencial dos criterios de avaliación de cada unidade a modo de contidos mínimos.

Adaptaranse tamén as actividades de ensinanza-aprendizaxe esixindo un nivel de concreción inferior e con menos variables.

Darase a oportunidade á realización de actividades extra para compensar as carencias que son detectadas.

A diversidade do alumnado que conleva o sistema educativo obriga a realizar adaptacións máis ou menos significativas en cada un deles, de cara a conseguir o mellor desenvolvemento posible das capacidades, expresadas nos obxectivos xerais.



Así pois, surde a necesidade de realizar adaptacións do currículo.

A atención o alumnado con NEE rexirase polos principios de normalización e integración escolar, e dicir, co resto dos alumnos, no mesmo centro e se expresará no:

- D.C.B. - A Administración educativa concreta o currículo para toda a poboación escolar.
- P.C.C. - O centro acomoda o currículo dacordo coas características dos seus alumnos, do seu contexto socio-cultural e do propio centro.
- Programacións de aula - Os Equipos Docentes ou Departamentos adecuan o currículo dacordo as características dos alumnos do ciclo e /ou aula.
- A.C.I. - Os titores, profesores e profesores de apoio, asesorados por especialistas, acomodan o currículo tendo en conta as características individuais.

Ante a posible existencia de alumnos cun grao insuficiente de desenvolvemento das competencias curriculares básicas , sobre todo nos ámbitos da comprensión, da expresión e da reflexión -, coa conseguinte dificultade na asimilación de contidos, é necesario prever nas unidades didácticas actuacións concretas para cando se detecten ditas situacións.

Teráse que reforzar os aprendizaxes deses alumnos con actividades específicas planificadas dacordo coas súas necesidades.

As posibles adaptacións no só deberán responder a criterios de eficiencia na consecución das capacidades terminais, senon que tamén serán elementos de valor:

Ritmos de aprendizaxe, as motivacións do alumnado, seus intereses e expectativas, seu grao de integración, etc.

Todo de cara a realizar as oportunas modificacións nas programacións, sobre todo no ámbito da aula, para conseguir unha plena integración de todo o alumnado na dinámica da materia e un desenvolvemento correcto das capacidades.

Desta maneira, favorecerase a autoestima do alumnado e valorarase o esforzo que realizan, para mellorar seu rendemento, nun intento de potenciar a avaliación formativa, axustando a axuda pedagóxica as súas necesidades reais de aprendizaxe.

Para levar a cabo calquer tipo de reforzo ou adaptación (sempre en colaboración do titor e do orientador) deberánse revisar algúns elementos básicos da programación:

- As capacidades terminais e os contidos
- Desenvolvemento dos máis importantes en cada caso.
- Establecemento de obxectivos ou contidos alternativos e /ou complementarios.
- Modificación, ampliación ou eliminación de obxectivos ou contidos.
- Variacións na secuencia de contidos (temporalización).
- A metodoloxía
- Técnicas de traballo cooperativo.
- Actividades de pequeno grupo con dificultade gradual.
- Actividades de reforzo, poden ser alternativas.
- Reforzo positivo, valora-las capacidades do alumno /a, mellorar sua autoestima.

Medidas extraordinarias: A.C.I.

- Modificacións tanto en criterios, en instrumentos como en procedementos avaliativos.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

No desenvolvemento do proceso de ensinanza-aprendizaxe están implícitos o traballo en grupo, a educación cívica, a igualdade de mulleres e homes e a educación para a convivencia. Estes conceptos, así como respecto aos compañeir@s, profesorado, talleres, e material de traballo traballaranse a través de diferentes actividades.

Educación medioambiental. As materias primas que utilizamos, as transformacións que podemos realizar e os refugallos que xeramos, inciden directamente na calidade do medio ambiente, polo que deberanse aplicar durante todo o curso as medidas de eliminación de recursos establecidas segundo a normativa dos produtos xerados no laboratorio.

O uso de enerxías renovables, o reciclaxe e a sustentabilidade estarán presentes intrínxicamente pero tamén en forma de actividades específicas.

Educación para a saúde. A saúde é chave na benestar das persoas polo que é importante seguir uns criterios responsables no desenvolvemento do traballo, establecidos segundo os criterios de seguridade e prevención de riscos do laboratorio, que se deberán seguir por todo o persoal que o utilice, coa finalidade de evitar accidentes no entrono de traballo. Así mesmo, teránse en conta os requirimentos específicos e/ou especiais do alumnado, así como os novos hábitos sanitarios.

Equidade de xénero. A perspectiva de xénero no ámbito educativo é de especial interés para transmitir os valores adecuados o alumnado, facendo presente de maneira transversal nos diferentes módulos do ciclo a equidade de xénero como un paso importante para a creación dunha nova sociedade libre de estereotipos e igualitaria. O uso dunha linguaxe inclusiva nas aulas e no material didáctico, así como aportación en feminino referidas os contido do módulo, facilitan o cambio educacional da sociedade cara unha igualdade efectiva e real entre mulleres e homes.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Actividades previstas durante o curso escolar sempre que sexan dentro dos acordos establecidos no R.R.I. e poidan levarse a cabo no desenrolo da programación.

A temporización repartirase nos tres trimestres dependendo das disponibilidades orzamentarias e da programación.

10. Outros apartados

10.1) Confinamento ou corentena

En caso de confinamento ou corentena, o ser este un módulo eminentemente teórico, as actividades de ensino/aprendizaxe adaptaránse a un contexto telemático sen demasiado problema xa que ao longo do curso estará funcionando o aula virtual que permitirá ao alumnado poder continuar ca aprendizaxe.

As clases, a pesares de non poder ser na aula do CIFP, poderán impartirse de forma telemática a través da plataforma Cisco Webex habilitada pola Consellería. Nesta plataforma poderán solucionarse dúbidas e realizar as distintas actividades previstas usando o aula virtual como apoio.

10.2) Metodoloxía de aprendizaxe

A metodoloxía didáctica será variada e irá encamiñada a lograr a aprendizaxe significativa do alumnado, para o cal é preciso detectar o nivel previo de coñecementos do alumnado mediante unha avaliación inicial realizada nos primeiros días do curso, e que tamén permitirá detectar as dificultades previas que poida presentar o alumnado.

A impartición dos contidos das unidades didácticas farase con apuntamentos e outros recursos complementarios aportados pola profesora.

En cada UD procederase con unha exposición teórica dos conceptos e da/s actividade/s a realizar, sinalando os puntos máis importantes, procurando unha interrelación e aclarando aqueles aspectos que entrañen máis dificultades.

A exposición apoiarse na utilización de medios audiovisuais, e se fomentará o espírito crítico e o interese do alumnado polo materia.

De forma periódica poderán realizarse pequenos "traballos de investigación" por parte dos alumnos, co fin de que aprendan a obter información de diferentes fontes e anexar bibliografía, así como fomentar o debate e a discusión.

10.3) Protocolo para comunicar ao alumnado a programación didáctica do módulo profesional.a seguir coa programación didáctica

Coa finalidade de informar debidamente ó alumnado sobre a programación didáctica do módulo profesional, explicaráselle ao alumnado ao inicio de curso, atendendo as posibles dúbidas. Daráselle publicidade na páxina do CIFP.